

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e dez minutos do día cinco de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1475).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1476).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAS DO PROXECTO "TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (ENTRE GRAN VÍA E RÚA ZAMORA). EXPTE. 2830/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.14, o informe de fiscalización do 5.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 5.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

1.- *Antecedentes.*

Con data 2 de agosto de 2013 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto da obras para Humanización da Avda. de Hispanidade (entre Gran Vía e rúa Zamora). (Expte. 2.360/443)

En data 27 de decembro de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación do mesmo acordou "Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avda. da Hispanidade (expediente 2019-440) á mercantil ALDASA, S.L.U., por un prezo total de 163.000 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de 28.289,26 euros.

Con data 14 de novembro de 2014 a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, entre outros asuntos acorda en relación a este expediente:

- (expediente 2019-440) A resolución do contrato de obras de humanización da avenida da Hispanidade, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 27 de decembro de 2013, á mercantil ALDASA, S.L.U., por un prezo total de 163.000 euros (IVE incluído) por incumprimento do prazo de tres meses fixado para a execución do contrato, no apartado 4.A da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Así mesmo no mesmo expediente se acorda incoar expediente para a contratación polo trámite de urxencia para a finalización das obras de humanización da avenida da Hispanidade conforme o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 2 de agosto de 2013.

Para a execución das obras pendentes, procedese a redacción dun novo proxecto denominado TERMINACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora). Dito proxecto recolle unha adecuación das unidades de obra que quedaron sen executar trala resolución do contrato, sobre o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de agosto de 2013 (2360/440). Este novo proxecto axustase no ámbito económico, os importes que se recollen no informe que contén o citado expediente de resolución do contrato dos directores facultativos de 9 de outubro de 2014, e que se corresponden coa memoria valorada e comparativa entre o proxecto adxudicado e obra executada, correspondéndose cos seguintes importes:

- Obra adxudicada: 163.000,00 €.
- Obra ejecutada: 17.539,43 €.
- Obra sen executar: 145.460,57 €.

O novo proxecto contempla tamén o Prego de Prescricións Técnicas Particulares para a execución das actuacións para o obxecto do mesmo en relación a TERMINACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora).

Con data 18 de novembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras. No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 2830/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.
- b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 25 de novembro de 2014.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola ola empresa INGENIA Proyectos Técnicos, e asinado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, e incluído no proxecto recollido no expediente 2830/440.
- d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 3 de decembro de 2014.

e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 28 de novembro de 2014, e informe complementario de data 4 de decembro de 2014.

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a necesidade da contratación das obras previstas no proxecto "TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora)" redactado pola empresa INGENIA Proyectos Técnicos, e asinado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, como redactora do mesmo, o cal recolle sobre o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de agosto de 2013 (2360/440) unha adecuación das unidades de obra que quedaron sen executar trala resolución do contrato, por un importe de 145,460,57 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 25,245,22 euros.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

O contrato, polo seu obxecto, será de obras, segundo o previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto, o cal forma parte deste expediente e deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local coa aprobación deste expediente de contratación.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato e o importe do mesmo, propónse o procedemento negociado con publicidade, de acordo co estipulado nos artigos 171.d) do TRLCSP.

Así mesmo, en base o informe proposta que motivou o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2014, no cal se resolve incoar expediente para a contratación polo trámite de urxencia para a finalización das obras de humanización da avenida da Hispanidade, propónse a aprobación da declaración de urxencia para a tramitación deste expediente, xa que o mesmo ten por finalidade o cumprimento deste aspecto. A xustificación da urxencia atopase recollida no propio informe proposta que motivou a resolución do contrato do cal debemos destacar o xa manifestado na data 9 de outubro de 2014, pola dirección facultativa da obra, a cal indica no seu informe que a suspensión da obra ten provocado unha situación na rúa que non debe prolongarse por canto a fai intransitable para usuarios e veciños, con grave prexuízo para a actividade dos negocios, falta seguridade e, ademais, se teñen detectado problemas de salubridade (ratas), propoñendo a realización de obras urxentes para subsanar este problema e o inicio dun novo procedemento de licitación para contratar a realización das unidades de obra pendentes do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 2 de agosto de 2013.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, están determinados en base o proxecto, *TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora)*" redactado pola empresa *INGENIA Proyectos Técnicos*, e asinado con data novembro de 2014, pola *ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ*, como redactora do mesmo. Dito proxecto, que deberá ser aprobado pola Xunta Local de Goberno no ámbito deste expediente de contratación, adecua as actuación das unidades de obra que quedaron sen executar, por un importe de 145,460,57 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 25,245,22 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en cento vinte mil douscentos quince euros con trinta e cinco centimos (120,215,35 €).

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establecece no importe total 145.460,57 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 25.245,22 euros. Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida na aplicación orzamentaria de remanentes 1550.619.00.05 a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establecece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establecece en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando conorra algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar a clasificación para acreditar a solvencia coa presentación das clasificacións:

- Grupo E, subgrupo: 1, Categoría: A, e o Grupo: G, subgrupo: 6, Categoría: B.

h.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, non se considerase a opción de modificación do contrato.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base o obxecto das obras deste contrato, estableceuse a valoración por un único criterio, en relación o prezo do contrato.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de CEN (100) puntos aplicándose esta puntuación de acordo cos seguintes criterios relacionados coa baixa realizada.

l.- Prescricións técnicas particulares:

O Prego de prescrición técnicas Particulares, atopase no proxecto "TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora)" redactado pola empresa INGENIA Proyectos Técnicos, e asinado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, como redactora do mesmo.

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o proxecto "TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora)" redactado pola empresa INGENIA Proyectos Técnicos, e asinado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, como redactora do mesmo, o cal recolle sobre o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 2 de agosto de 2013 (2360/440) unha adecuación das unidades de obra que quedaron sen executar trala resolución do contrato da obra inicial. Dito proxecto contén o Prego de Prescrición técnicas necesario para o proceso de contratación.

Segundo: Aprobar a contratación para a execución das obras de "TERMINACIÓN HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDAD (entre Gran Vía e Zamora)" a través do procedemento negociado con publicidade, de acordo co estipulado nos artigos 171.d).

Terceiro: Aprobar a declaración da urxencia para a tramitación do presente expediente.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 3 de decembro de 2014.

Quinto: Autorizar o gasto por un importe máximo de 145,460,57 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 25,245,22 euros. con cargo a partida de remanentes 1550.619.00.05.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista coa publicación do anuncio de licitación no perfil do contratista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1477).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2860/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Vías e Obras, do 5.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 7 de novembro de 2014 aprobou "adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250) por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares así mesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade."

A tramitación da licitación está rematada.

Se prevé o comezo deste servizo de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativo das obras que se desenrolen dentro do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo a D. Agustín Rodríguez Carballo.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1478).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO MODIFICADO DA RÚA JÚAN RAMÓN JIMÉNEZ” E MODIFICACIÓN DO “PROXECTO DE CONTRATO DO REFORZO DA CAPA DE RODADURA DE DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBANO”. EXPTE. 71799/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.12.14 e o informe de fiscalización do 4.12.14, dáse conta do informe-proposta do director facultativo das obras de referencia, do 5.12.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 10 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato de “Reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúa do casco urbano” á mercantil “MISTURAS, S.A.”. Expte: 2021/440.

Con data 1 de agosto de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou iniciar o expediente de Modificación contrato “Reforzo de capa de rodadura do firme de diversas rúas do casco urbano”.

As obras corresponden aos 13 diferentes proxectos, polos importes que se reflicten no cadro que segue:

CALLE	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN IVA INCLUIDO	BAJA	PRESUPUESTO DE ADJUDICACION IVA INCLUIDO
CACHAMUIÑA	44.366,72	23,46%	33.958,29
CARACAS	21.683,39	23,46%	16.596,47
DON QUIJOTE	7.250,77	23,46%	5.549,73
GERONA	25.630,28	23,46%	19.617,41
HERACLIO BOTANA	5.838,42	23,46%	4.468,73
JOSÉ FRAU	11.823,94	23,46%	9.050,04
TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72	23,46%	27.051,32
RICARDO PORTELA	17.480,01	23,46%	13.379,20
SAN AMARO	49.169,06	23,46%	37.634,01
1SERGIO SABORIDO	7.455,09	23,46%	5.706,12
TOMÁS PAREDES	77.375,85	23,46%	59.223,47
PAZ	49.178,05	23,46%	37.640,88
JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66	23,46%	21.797,57
TOTAL CONTRATO	381.072,95	23,46%	291.673,25

As obras foron todas elas rematadas, excepto a de Juan Ramón Jimenez cuxa paralización foi acordada, a proposta de dirección facultativa das obras, pola Xunta de Goberno Local na data 1 de agosto de 2014.

As obras da rúa Juan Ramón Jimenez foron paralizadas ao ser necesarias as modificacións que se indican.

MODIFICACIONES NO PROXECTO ORIXINAL DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ

As obras contempladas no proxecto da rúa Juan Ramón Jiménez, tiñan prevista a execución de beirarrúas

- Pola marxe dereita descendente, a base de estendido e compactación de zahorra sobre a explanada existente e formación do pavimento cunha capa de formigón sobre a zahorra estendida.
- Pola marxe esquerda, recrecido da beirarrúa existente cunha nova capa de formigón sobre a existente.

Na nova beirarrúa, pola marxe dereita, tiñase prevista a súa execución sobre a explanada existente, polo motivo de que a Rúa Juan Ramón Jimenez encontrase dentro dun ámbito de respecto de elementos arqueolóxicos contemplado no vixente P.X.O.U. e pretendía non realizarse remoción de terras.

MOTIVOS POLOS QUE SE REQUIRE MODIFICAR AS PREVISIÓNS DO PROXECTO

Por una parte, a regularización prevista do firme da calzada previa ó reforzo da capa de rodadura foi de máis espesor no centro da calzada, que presentaba peor estado e máis lixeira nos laterais da calzada cun recrecido inferior ao previsto en algunhas zonas. Por outra parte, as inclemencias meteorolóxicas do pasado inverno produciron arrastres de terras das fincas colindantes, que recreceron a rasante do terreo natural da zona da beirarrúa do marxe dereito, ademais de presentar agora un perfil lonxitudinal irregular. Todo elo supón unhas diferencias das cotas das rasantes inicialmente previstas, o que obriga ó rebaixe da explanada na beirarrúa da dereita, que nalgúns puntos pode alcanzar entre 15 e 20 centímetros.

ACTUACIONES QUE SE PRECISAN

Sendo necesario, como se dixo, a remoción de terras para a execución da beirarrúa, e polo tanto solicitar a pertinente autorización a Consellería de Cultura, considerase conveniente a implantación de tres sumidoiros para recollida de augas pluviais, non contempladas no proxecto orixinal, e a súa conexión coa rede de pluviais da Rúa Jacinto Benavente. Así mesmo, considerase axeitado realizar un mellor acabado das beirarrúas mediante o fratasado mecánico.

A execución das beirarrúas é totalmente imprescindible, xa que de outra forma o tránsito peonil debería facerse sobre terra con risco de resbalos e transitar por riba da lama nos días de choiva, o que resulta inaceptable nábolos dous casos, polos riscos que supón para o tránsito peonil. Así mesmo, a realización da beirarrúa da marxe dereita beneficiará a estabilidade do talude ó evitar a erosión das augas pluviais. Como se dixo anteriormente, resulta imposible a execución da beirarrúa, como inicialmente estaba previsto, sen remoción de terras.

Preténdese realizar a beirarrúa pola marxe dereita, axeitando a súa anchura de feito que non sexa afectado o talude existente, e remover unicamente na zona chaira cun rebaixe máximo de 25 cm. Considerase así mesmo axeitado a execución de sumidoiros, xa que a escorrentía de augas pluviais vese incrementada ao pavimentar a zona de terra agora existente, polo que en caso de non implantar os sumidoiros toda a auga desembocaría na Rúa Jacinto Benavente.

Para a execución destas unidades de obra, é necesaria a autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, polo que a dirección facultativa das obras, ordenou a paralización das mesmas nesta rúa con data 24 de xuño.

ANÁLISIS DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONTRATO

- *As FEC do contrato establecen no seu punto 15 que non se contempla a modificación do contrato.*
- *Real Decreto Legislativo 3/2011 antes citado, no seu artigo 107, establece que as modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunhas determinadas circunstancias. Entre outras no apartado b), cita como unha das posibles causas a inadecuación do proxecto consistente en circunstancias de tipo arqueolóxico.*
- *O caso que nos ocupa, como xa se expuxo anteriormente, responde a unha circunstancia deste tipo, xa que ao redactar o proxecto tratouse de evitar remocións de terra para evitar afeccións de tipo arqueolóxico, aínda que ao aparecer lixeiras variacións das rasantes previstas, obriga ao rebaixe do terreo na franxa da beirarrúa da marxe dereita que poden chegar en algunhas zonas os 25 centímetros.*
- *A modificación do presente contrato cumpre coas condicións previstas no citado artigo 107 xa que:*
 - o *A modificación do contrato non altera condicións esenciais da licitación e adxudicación e límtase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria xa que:*
 - a) *A modificación non varía substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.*
 - b) *A modificación non altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.*
 - c) *Para a realización da prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.*
 - d) *As modificacións do contrato non exceden en máis ou en menos do 10 % do prezo de adxudicación do contrato.*
 - e) *De coñecerse previamente a modificación non terían concorrido ao procedemento de adxudicación outros interesados nin os licitadores que tomaron parte no mesmo tiveran presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.*
- *No relativo ao procedemento establecido no artigo 108, non procede o trámite de audiencia ao redactor do proxecto dado que o mesmo resulta ser o técnico informante.*
- *O proxecto modificado redactado non altera, por tanto, as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato e límtase a introducir as variacións estritamente necesarias para responder á causa obxectiva que a fai necesaria, exposta anteriormente nas "ACTUACIONES QUE SE PRECISAN".*
- *Prazo de execución*
As obras na rúa Juan Ramón Jimenez foron paralizadas o 25 de xuño de 2014, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2014, a proposta da dirección facultativa das obras. O prazo de execución das obras remataba o 31 de xullo de 2014, polo que dende a data de paralización restaban 36 días naturais para a conclusión das mesmas. Dito prazo é suficiente para a execución das obras que quedan por executar do presente proxecto modificado.

ORZAMENTO

As novas unidades de obra da Rúa Juan Ramón Jiménez e os seus prezos unitarios contraditorios para a redacción do proxecto modificado desta rúa, indícanse a continuación. Para a súa elaboración foron tidos en conta os prezos elementais que serviron de base para a elaboración dos prezos dos proxectos orixinais.

JUAN RAMON JIMENEZ			
PRECIOS CONTRADICTORIOS			
CODIGO	Ud	Descripción de la unidade	Prezo unitario euros
M.1	M2	LEVANMIENTO DE ADOQUIN	3,65
M.2	M2	DEMOLICION Y REPOSICION DE TERRAZO ACERA	62,08
M.3	M2	DEMOLICION FIRME DE AGLOMERADO ASFALTICO	24,75
M.4	M2	FRESADO DE FIRME	1,93
M.5	M3	EXCAVACION EN ZANJA	8,77
M.6	ML	COLECTOR 315 SN4	48,68
M.7	UD.	CONEXIÓN COLECTOR A RED EXISTENTE	155,84
M.8	UD.	SUMIDERO SIFONICO	380,00
M.9	M3	DE RELLENO DE ZANJA	4,40
M.10	M2	PULIDO DE PAVIMENTO DE ACERAS DE HORMIGON	11,01
M.11	UD.	RESTAURACION DE ARQUETAS EN ACERA	120,00

As obras, excepto na Rúa Juan Ramón Jiménez, están rematadas.

No cadro que segue indícanse comparativos dos orzamentos de adxudicación, o custo real das obras rematadas e o orzamento do proxecto modificado de Juan Ramón Jimenez. Todo elo afectado pola baixa de adxudicación e co IVE incluído.

COMPARATIVO PRESUPOSTOS							
RÚA	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN PROXECTO ORIXINAL IVE INCLUIDO	BAIXA	PRESUPOSTO O ADXUDICACION PROXECTO ORIXINAL IVE INCLUIDO	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN MODIFICADO	BAIXA	PRESUP LIQUIDO ADXUD. PROXECTO MODIFICADO O IVE INCLUIDO	ADICIONAL LIQUIDO SOBRE PRESUPOSTO DE ADJUDICACION PROXECTO ORIXINAL
CACHAMUÑA	44.366,72	23,46 %	33.958,29	40.333,54	23,46 %	30.871,29	-3086,99
CARACAS	21.683,39	23,46 %	16.596,47	18.871,77	23,46 %	14.444,46	-2.152,01
DON QUIJOTE	7.250,77	23,46 %	5.549,73	1.379,29	23,46 %	1.055,70	-4.494,03
GERONA	25.630,28	23,46 %	19.617,41	13.042,73	23,46 %	9.982,91	-9.634,51
HERACLIO BOTANA	5.838,42	23,46 %	4.468,73	5.578,78	23,46 %	4.270,00	-198,73
JOSÉ FRAU	11.823,94	23,46 %	9.050,04	9.533,31	23,46 %	7.296,79	-1.753,25

TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72	23,46 %	27.051,32	36.328,05	23,46 %	27.805,49	754,18
RICARDO PORTELA	17.480,01	23,46 %	13.379,20	19.135,72	23,46 %	14.646,48	1.267,28
SAN AMARO	49.169,06	23,46 %	37.634,01	45.798,86	23,46 %	35.054,45	-2.579,55
SERGIO SABORIDO	7.455,09	23,46 %	5.706,12	7.683,05	23,46 %	5.880,60	174,48
TOMÁS PAREDES	77.375,85	23,46 %	59.223,47	71.881,85	23,46 %	55.018,37	-4.205,10
PAZ	49.178,05	23,46 %	37.640,88	35.659,72	23,46 %	27.293,95	-10.346,93
JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66	23,46 %	21.797,56	42.358,13	23,46 %	32.420,91	10.623,35
TOTAIS	381.072,96	23,46 %	291.673,24	347.584,81	23,46 %	266.041,42	-25.631,82

Os menores custos producidos debéronse a diferentes motivos.

Así, nas rúas Gerona e D. Quijote, realizouse unicamente parte da obra prevista, por terse decidido trala formalización do presente contrato, a humanización de tramos destas rúas. Nas restantes rúas, a medición real executada foi inferior á prevista nos proxectos, fundamentalmente na unidade de obra de fresado de firmes. A rúa Juan Ramón Jiménez figura no cadro co orzamento do proxecto modificado. De dito orzamento tense executado e certificado a cantidade de 12.961,83 euros IVE incluído, polo que do presente contrato modificado falta por executar e certificar a cantidade de 19.459,08 euros IVE incluído.

Aínda que o orzamento do presente proxecto modificado da rúa Juan Ramón Jimenez supón un incremento adicional líquido sobre o orzamento inicialmente adxudicado de 10.623,35 euros, o orzamento da totalidade do contrato adxudicado presenta un decremento de 25.631,82 euros.

Os prezos contraditorios elaborados para a rúa Juan Ramón Jimenez, foron propostos ao contratista adxudicatario das obras, que mostrou a súa aceptación dos mesmos, manifestando así mesmo a súa conformidade co presuposto do contrato modificado, renunciando a reclamación algunha polo menor importe das obras executadas. Obra no expediente escrito do adxudicatario que recollen as manifestacións anteditas.

As obras do proxecto modificado e a realización do proxecto de control arqueolóxico das obras previstas no proxecto modificado da rúa Juan Ramón Jimenez, foron autorizadas pola Xefatura Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante sendas resolucións da Directora Xeral de Patrimonio Cultural, ambas de data 10 de novembro de 2014.

Foi dado trámite de audiencia ao contratista para aceptación dos prezos contraditorios propostos. Con data 21/11/2014 o adxudicatario presentou no Rexistro Xeral de este Concello, escrito no que manifesta a súa conformidade cos mesmos así como co orzamento da modificación do contrato, renunciando expresamente a calquera reclamación que puidera corresponder a MISTURAS S.A. Polo decremento do orzamento do contrato – adicional negativo – ni polos retrasos xurdidos por causas axeas a contrata e non imputables a mesma.

polo exposto e previos os informes da asesoría xurídica e intervención municipais sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar tecnicamente o “PROXECTO MODIFICADO DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ”, cun orzamento base de licitación IVE incluído de 42.358,13 euros, que aplicando a baixa de adxudicación do 23.46 % ofertada por MISTURAS S.A. supón un orzamento de adxudicación IVE incluído de 32.420,91 euros.

Segundo.- Aprobar que se realicen os reaxustes na medición e certificación final das obras de acordo coas cantidades reseñadas no cadro comparativo de presupostos que se contempla na páxina 5 do presente informe.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ó contratista adxudicatario das obras “MISTURAS, S.A.”

Cuarto.- Autorizar á dirección facultativa para ordenar o reinicio das obras na rúa Juan Ramón Jimenez, e dar por comezado o prazo de execución pendente na data en que foron paralizadas (36 días naturais), a partir do día seguinte ó que o contratista adxudicatario reciba notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1479).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO “PLAN MARCO: PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2014-2015”, FINANCIADAS CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PROXECTO: REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVDA. CLARA CAMPOAMOR ENTRE O PK 3+730 AO PK 4+650). EXPTE. 72656/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.12.14, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 4.11.14, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

Mediante resolución do 20 de novembro de 2014 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural (en adiante AGADER), foi aprobado o Plan marco do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 (en adiante PLAN), financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenrolo Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

O PLAN ten como obxecto a mellora das infraestruturas no medio rural de titularidade municipal.

Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes.

No Anexo I figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 120.033 €, distribuídas en dúas anualidades, 56.615 € na anualidade do 2014 e 63.518 € en 2015.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

- 1. O imposto do valor engadido (IVE)*
- 2. Os gastos de obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.*
- 3. Os gasto de redacción do proxecto e estudos necesarios para a súa redacción.*
- 4. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.*
- 5. Gastos por taxas ou licenzas necesarias .*
- 6. Con carácter xeral, os gastos de obra das actuacións que non fosen aprobadas por AGADER.*

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de “reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Clara Campoamor entre o PK 3+730 ao PK 4+650”.

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello e Vigo unicamente terá que soportar os correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE).

O procedemento a seguir será o seguinte:

- Presentación da solicitude do Concello de Vigo ante AGADER, acompañada do anteproxecto.*
- Solicitude por parte do Concello de Vigo a AGADER de levantamento de Acta de non inicio da obra previamente á aprobación da solicitude realizada.*
- Notificación ao Concello de Vigo de que a actuación pode ser incluída no PLAN.*
- Presentación da seguinte documentación por parte do Concello de Vigo, e que figura nos puntos 2 do procedemento de execución do PLAN.*

- 2.1. Un único anteproxecto, en formato papel e unha copia en CD onde se recolla para cada actuación:
- 2.1.1 Identificación do seu obxecto e xustificación da necesidade.
 - 2.1.2. Planos de localización e de detalle necesarios.
 - 2.1.3. Xustificación dos prezos das unidades de obra
 - 2.1.4. Medicións e orzamento (excluído IVE)
- A suma dos orzamentos (excluído IVE) de todas as actuacións non poderá superar o orzamento máximo asignado para o Concello.

As unidades de obra utilizadas nos anteproxectos terán que axustarse na súa totalidade á estrutura de descomposición das tarifas SEAGA vixentes, que estarán publicadas no enlace http://www.mediouralemar.xunta.es/areas/infraestructuras/tarifas_seaga/. Non se admitirán unidades de obra que non se axusten a estes criterios. Así mesmo, o prezo máximo das unidades de obra non poderá superar o das citadas tarifas.
Non se admitirán partidas a tanto alzado.

- 2.2. Certificación do secretario municipal da designación legal do representante da entidade solicitante.
- 2.3. Certificado do acordo da entidade polo que se aproba a participación no presente Plan Marco.
- 2.4. Certificado do secretario/interventor do concello mediante o que se acredite suficientemente a titularidade municipal dos camiños e a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras.
- 2.5. De se lo caso, certificado do secretario/interventor municipal mediante o que se acredite que o/s núcleo/s de poboación/s non ten/teñen máis de 500 habitantes.
- 2.6. Certificación do secretario/interventor municipal de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas (Decreto 193/2011; DOG nº 201, do 20 de outubro). Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a data de remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á emisión do certificado.

O proxecto “reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Clara Campoamor entre o PK 3+730 ao PK 4+650”, prevé o fresado do firme nun espesor de 5 cm nunha superficie total de 7.534,92 m² e a demolición de 12 sumidoiros que se atopan situados no bordillo da mediana. Posteriormente, aplicarase un rego de adherencia ECR-2 e sobre o mesmo unha capa de 5 cm de espesor de MBC tipo D-12. Renovaranse os 12 sumidoiros e situaranse no anexo á mediana. Procederase ao formigonado de dous tramos de cuneta de lonxitudes 142 a 145 m respectivamente. O traballo rematará co pintado das liñas de delimitación e da separación dos carrís do ámbito de actuación.

A Avenida de Clara Campoamor é de titularidade municipal, polo que se dispón da totalidade dos terreos para a execución das obras. Non se require de ocupación de terreos adicionais, para a execución dos traballos previstos, fora do ámbito da propia vía.

O proxecto inclúe o correspondente estudo básico de seguridade e saúde de acordo co establecido no Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro.

Os prezos das unidades de obra son os que figuran no cadro de prezos vixentes do SEAGA, que cumpren co establecido no escrito de remisión da resolución pola que se aproba o Plan Marco e polo establecido no propio Plan Marco.

O proxecto contempla no anexo 4 da memoria da xestión de residuos, procedentes fundamentalmente da operación de fresado do firme existente

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 100.868,07 euros, á que aplicando un 13 % en concepto de gastos xerais e un 6 % en concepto de beneficio industrial, supón a cantidade de 120.033,00 euros, cantidade que coincide coa totalidade da axuda. O 21 % de IVE resulta ser de 25.206,93 euros, o que supón un orzamento base de licitación de 145.239,93 euros.

A documentación do proxecto considérase completa tendo en conta a normativa vixente de aplicación, reúne os requisitos esixidos no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do Sector Público, polo que se informa favorablemente, os efectos do control ordenado polo artigo 125 do reformado Real Decreto.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Designar ao concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, con D.N.I. 36.077.372-D, como representante do Concello de Vigo ante a Consellería de Medio Rural e do Mar, para os trámites que sexan precisos, para a obtención das axudas previstas para este Concello no “Plan Marco: Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2014-2015, financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), aprobado por resolución do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural”.

2º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no Plan Marco: Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal 2014-2015, financiadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), aprobado por resolución do Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de data 20 de novembro de 2014”

3º.- Aprobar tecnicamente o proxecto de “reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Clara Campoamor entre o PK 3+730 ao PK 4+650”, cun orzamento de execución por contrata de 100.868,07 euros, á que aplicando un 13 % en concepto de gastos xerais e un 6 % en concepto de beneficio industrial, supón a cantidade de 120.033,00 euros, cantidade que coincide coa totalidade da axuda. O 21 % de IVE resulta ser de 25.206,93 euros, o que supón un orzamento base de licitación de 145.239,93 euros.

4º.- Remitir o presente acordo da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), xunto coa solicitude do Concello de Vigo de participar no Plan Marco.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e quince minutos Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.